CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta rexeitando os estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz xerando hábitos e rutinas.		
CA2.5 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Tomar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas segundo os obxectivos motores, en situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.		
CA2.6 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas consensuadas na clase, as regras de xogo, aos participantes nos mesmos e as súas achegas.		
CA2.8 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Realizar accións motrices en contextos naturais e urbanos respectando e conservando ao medio ambiente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores individuais cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de seguimento e análise dos resultados.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física xestionando as emocións.		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable coñecendo os beneficios da vida activa.		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Coidar o material e as instalacións para evitar lesións na práctica a actividade física coñecendo coma actuar ante accidentes.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Adquirir un progresivo control e dominio do corpo en distintas situacións e contextos motrices		
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Realizar accións motrices en contextos naturais e urbanos respectando e conservando ao medio ambiente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental:

Contidos

- Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo.
- Respecto e aceptación do propio corpo.
- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental).
- Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais.
- Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Toma de decisións:
- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
- Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Concepto de deportividade.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo.
- Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento.
- Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos.
- Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

4.1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

1. CARACTERÍSTICAS DA METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar na intervención pedagóxica caracterízase por:

- Ser individualizada, adaptando os contidos ao nivel físico e psicolóxico de cada un dos alumnos/as
- Xerar un aprendizaxe significativo que permita relacionar os coñecementos e experiencias previas do alumnado cos novos contidos.
- Facilitar situacións nas que o alumnado poida comprobar a funcionalidade dos novos coñecementos.
- Facilitar aprendizaxes procedimentais que desenrolen a aprendizaxe autónoma do alumnado.
- Agrupar os contidos entorno a eixes de coñecemento que permitan abordar os problemas, situación e acontecementos de forma globalizada e integradora.
- Favorecer a socialización mediante pautas de cooperación e de resolución pacífica de conflitos para mellorar as relacións entre iguais, eliminando a diferenzas sexistas e outros tipos de discriminación.
- Ser activo, incitando ao alumnado ao movemento evitando a pasividade.
- Fomentar a autonomía do alumnado coma responsables das súas aprendizaxes.
- Potenciar a investigación e a indagación implicando aspectos mentais nas execucións motrices.
- Ser lúdica, utilizando o xogo como recurso de ensinanza aprendizaxe.
- Potenciar a autoestima por permitir ao alumnado sentirse capaz coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas.

2. ESTILO DE ENSINANZA

Ao longo das sesións de ensinanza aprendizaxe utilizaranse os seguintes estilos en función das actividades que se realicen.

- Global; en actividades xerais.
- Global con priorización da atención; nas actividades simples compostas por varias accións motrices.
- Global con modificación da situación real; en actividades deportivas
- Analítico e analítico secuenciado; en actividades dirixidas a o aprendizaxe de aspectos técnicos moi concretos. (mando directo, asignación de tarefas...).

3. ESTRATEXIAS DE ENSINANZA

Utilizarase estratexias de aprendizaxe por descubrimento tanto de descubrimento guiado coma de resolución de problemas para que o alumnado investigue, razoe e chegue a/as solucións partindo da acción motriz.

Cando sexa preciso pola natureza dos contidos a traballar utilizarase estratexias de instrución directa.

4. ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO

A organización do alumnado estará determinada polas características da actividade a realizar, podendo variar a o longo dunha mesma sesión. As principais formas organizativas a utilizar son: gran grupo, pequenos grupos, equipos, parellas e individual.

A distribución do alumnado no espazo tamén virá determinada polo tipo de actividade e a súa forma de execución. As principais formas de distribución a utilizar serán: situación libre no espazo, traballo en filas desprazándose mediante ondada, traballo en círculo e en outras figuras xeométricas, traballo en ringleira, en estacións, ...

Na organización da sesións evitarase na medida do posible os tempos mortos e de espera e distribuiranse axeitadamente os tempos de recuperación tras a realización de actividades que requiran elevado esforzo físico.

5. INTERVENCIÓN DA PROFESORA

A situación da profesora no espazo variará a o longo da sesión, sendo externa ao grupo na explicación dos exercicios, nas actividades de execución grupal, no traballo en filas ou ringleiras e na realización de actividades de avaliación.

A situación da profesora será interna ao grupo na execución de actividades individuais, no traballo en pequenos grupos e en parellas.

A presentación dos contidos e a explicación das actividades por parte da profesora será de forma verbal realizando unha demostración da execución cando sexa preciso.

Durante a realización das actividades a profesora realizará correccións e reforzos individualizados. Ao finalizar a actividade e ao termo da sesión realizará correccións e reforzos grupais. As correccións realizaranse de forma verbal e/o gráfica. Os reforzos serán verbais e por asignación de puntos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instalacións deportivas: pavillón e patio do recreo
Material fixo e semifixo: espadeiras, bancos suecos, quitamedos, valados, colchóns...
Material básico: conos, ladrillos, rodas, saquiños, aros (varios tamaños), cordas (varias lonxitudes), pelotas (varios tamaños e tipos), picas (varios tamaños), antefaces, bloques curvos, aneis, balóns medicinais, sticks...
Material de medición: cinta métrica e cronómetro
Material de xogos populares e alternativos: dianas, indiacas, paracaídas, bolos, petanca, discos e zancos (varios tipos), chapas, bolas...
Equipamento do alumnado: roupa deportiva, útiles de aseo, toalla e camiseta de cambio
Material tecnolóxico: equipo informático da profesora, altofalantes, proxector e lousa dixital.
Recursos dixitais: recursos dixitais interactivos seleccionados e de creación propia

O material a utilizar en cada sesión virá determinado en función dos contidos a traballar e actividades a realizar.

O alumnado ten a responsabilidade de traer a tódalas sesións o seu equipamento.

A aula virtual do centro será un elemento de apoio para a formación do alumnado, xa que na mesma poderán:

- Acceder a información relativa ás unidades didácticas.
- Realizar actividades dixitais interactivas sobre os distintos contidos traballados coa finalidade de consolidalos, amplialos e/ou avalialos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

5.1.1. PROCEDIMIENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL

1. Test de condición física

Para a avaliación inicial da condición física empregaremos os seguintes test :

- Carreira velocidade 30 metros
- Lanzamento de balón medicinal 2 Kg.
- Detente horizontal
- Flexibilidade de tronco
- Test de resistencia de Legger

A realización dos test de condición física realizarase de forma individualizada, excepto o test de resistencia de Legger que será realizado por todo o alumnado ao mesmo tempo mantendo a distancia entre eles.

Nos test de flexibilidade, salto e lanzamento o alumnado disporá de dous intentos e anotarse a mellor das dúas execucións.

Antes da execución de cada test, a profesora explicará ao alumnado como se realiza o test, os erros que deben de evitar, o número de intentos que teñen e a forma de puntuación do test (segundos e décimas, metros e centímetros, centímetros ou períodos)

Tras estas explicacións o alumnado formulará as dúbidas que teña para que sexan resoltas pola profesora.

Ao finalizar a execución de cada test, a profesora indicarlle ao alumno/a o seu resultado no mesmo.

2. Probas de execución motriz

O nivel de execución motriz do alumno/a será avaliado mediante a realización das seguintes probas:

- Realización de dez botes alternando mans en posición estática.
- Realización de dez saltos á pata coxa en desprazamento libre.
- Manterse en equilibrio á pata coxa sobre un ladrillo durante 15 segundos.

As probas de bote e salto serán realizadas de forma individual e a proba de equilibrio será realizada simultaneamente por varios alumnos/as.

O resultado en cada proba de execución motriz comunicaráselle ao alumno/a e recollerase na lista de control da

Avaliación Inicial marcando se o alumno/a é capaz ou non de realizar as accións propostas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	14	11	11	11	10	11	11	10	100
Proba escrita	0	15	0	0	0	15	0	0	15	5
Táboa de indicadores	100	85	100	100	100	85	100	100	85	95

Criterios de cualificación:

Para o cálculo da nota de cada unidade empregaranse as seguintes porcentaxes:

Unidade 1 O corpo o espazo e o tempo

- Escalas cuantitativas probas de execución motriz corpo, espazo e tempo (Táboa de indicadores) 45%

- Lista de control corpo, espazo e tempo (Táboa de indicadores) 15%

- Lista de control normas de traballo e regras dos xogos (Táboa de indicadores) 25 %

Unidade 2 Condición física e saúde

- Traballo de investigación hábitos posturais (Proba escrita) 15%

- Escalas cuantitativas test de condición Física (Táboa de indicadores) 45%

- Lista de control condición física e hábitos de saúde (Táboa de indicadores) 15%

- Lista de control normas de traballo e regras dos xogos (Táboa de indicadores) 25 %

Unidade 3 Desprazámonos sen caer

- Táboas de rexistro das probas de execución motriz desprazamentos e equilibrio (Táboa de indicadores) 40%

- Escala cuantitativa equilibrio (Táboa de indicadores) 20%

- Lista de control desprazamentos e equilibrio (Táboa de indicadores) 15%

- Lista de control normas de traballo e regras dos xogos (Táboa de indicadores) 25 %

Unidade 4 Saltos e xiros

- Táboa de rexistro da proba de execución motriz xiro (Táboa de indicadores) 20%

- Escalas cuantitativas das probas de execución motriz saltos (Táboa de indicadores) 40%

- Lista de control saltos e xiros (Táboa de indicadores) 15%

- Lista de control normas de traballo e regras dos xogos (Táboa de indicadores) 25 %

Unidade 5 Lanzamentos

- Escalas cuantitativas das probas de execución motriz lanzamentos (Táboa de indicadores) 60%

- Lista de control lanzamentos (Táboa de indicadores) 15%

- Lista de control normas de traballo e regras dos xogos (Táboa de indicadores) 25 %

Unidade 6 Xogos da nosa terra

- Traballo de investigación xogos populares (Proba escrita) 15%

- Táboas de rexistro xogos populares (Táboa de indicadores) 45%

- Lista de control xogos populares (Táboa de indicadores) 15%

- Lista de control normas de traballo e regras dos xogos (Táboa de indicadores) 25 %

Unidade 7 Golpeo e pateo

- Escala cuantitativa das probas de execución motriz golpeo e pateo (Táboa de indicadores) 60%

- Lista de control golpeo e pateo (Táboa de indicadores) 15%

- Lista de control normas de traballo e regras dos xogos (Táboa de indicadores) 25 %

Unidade 8 Todos a actuar e a bailar

- Táboas de rexistro das probas de expresión corporal e rítmica (Táboa de indicadores) 60%

- Lista de control expresión corporal e rítmica (Táboa de indicadores) 15%

- Lista de control normas de traballo e regras dos xogos (Táboa de indicadores) 25 %

Unidade 9 Aprendo a orientarme

- Traballo de investigación actividades no medio natural (Proba escrita) 15%
- Escala cuantitativa da proba de execución motriz orientación (Táboa de indicadores) 45%
- Lista de control actividades aire libre (Táboa de indicadores) 15%
- Lista de control normas de traballo e regras dos xogos (Táboa de indicadores) 25 %

Para calcular a cualificación que obterá un alumno/a na primeira, segunda ou terceira avaliación terase en conta a porcentaxe do peso de cada unha das unidades didácticas traballadas no trimestre segundo o recollido no apartado 3.1 desta programación:

1ª Avaliación 3 Unidades didácticas

- Unidade didáctica 1 : 32% , 3,2 puntos da nota da 1ª avaliación
- Unidade didáctica 2 : 36%, 3,6 puntos da nota da 1ª avaliación
- Unidade didáctica 3 : 32%, 3,2 puntos da nota da 1ª avaliación

2ª Avaliación 3 Unidades didácticas

- Unidade didáctica 4 : 36%, 3,6 puntos da nota da 2ª avaliación
- Unidade didáctica 5 : 36%, 3,6 puntos da nota da 2ª avaliación
- Unidade didáctica 6 : 28%, 2,8 puntos da nota da 2ª avaliación

3ª Avaliación 3 Unidades didácticas

- Unidade didáctica 7 : 36%, 3,6 puntos da nota da 3ª avaliación
- Unidade didáctica 8 : 36%, 3,6 puntos da nota da 3ª avaliación
- Unidade didáctica 9 : 28%, 2,8 puntos da nota da 3ª avaliación

O valor numérico obtido redondearase á unidade máis próxima e en caso de equidistancia á unidade superior.

Unha vez redondeadas as notas, o alumno/a será cualificado cos seguintes termos:

- Insuficiente; cando o valor numérico sexa inferior a 5.
- Suficiente; cando o valor numérico sexa igual a 5.
- Ben; cando o valor numérico sexa igual a 6.
- Notable; cando o valor numérico sexa 7 ou 8.
- Sobresáinte; cando o valor numérico sexa 9 ou 10

A cualificación ordinaria do alumno/a na área de Educación Física virá determinada pola porcentaxe de peso da unidade didáctica recollido no punto 3.1 nesta programación:

1ª Avaliación 3 Unidades didácticas: 36%, 3,6 puntos da nota final.

2ª Avaliación 3 Unidades didácticas: 32%, 3,2 puntos da nota final.

3ª Avaliación 3 Unidades didácticas: 32%, 3,2 puntos da nota final.

O valor numérico obtido redondearase á unidade máis próxima e en caso de equidistancia á unidade superior. Empregaranse os mesmos termos de cualificación indicados anteriormente.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non alcance o grado mínimo establecido para un criterio de avaliación poderá recuperalo se na seguinte avaliación logra dito grado mínimo. Isto será posible debido a que tal e como están temporalizadas as unidades didácticas da área, os distintos criterios de avaliación serán traballados ao longo dos tres trimestres do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

1. Medidas ordinarias de atención á diversidade

Debido ás características do alumnado de cuarto de primaria na materia de Educación Física empregaranse as seguintes medidas organizativas ordinarias de atención á diversidade:

- Adecuación metodolóxica, realizando unha maior exemplarización das accións motrices propostas e establecendo distintos niveis na realización das mesmas.
- Adecuación da organización da aula, empregando distintos tipos de agrupamentos homoxéneos ou heteroxéneos en función do obxectivo da tarefa a realizar.
- Emprego de cargas de traballo distintas (número de repeticións, intensidade do esforzo, tempo de execución) en función das características de cada alumno/a.
- Emprego da axenda escolar e a aplicación abalar móbil para a comunicación coas familias.

Polas súas banda, inicialmente non vai a ser preciso empregar medidas curriculares ordinarias de atención á diversidade.

2. Medidas extraordinarias de atención á diversidade

Tras a realización da avaliación inicial e o análise da información que temos do alumno con necesidades específicas de apoio educativo escolarizado en cuarto de primaria, consideramos que é preciso realizarlle unha adaptación curricular significativa na materia de educación física.

3. Outras medidas de atención á diversidade

Se ao longo do curso un alumno/a presenta unha necesidade específica de apoio educativo transitoria por mor dunha enfermidade ou lesión, as medidas de atención a diversidade a adoptar co mesmo durante o período de convalecencia consistirán en:

-Traballar os contidos formulados na programación con tarefas e actividades alternativas (que sexan compatibles coa súa afectación, enfermidade ou lesión) ás realizadas polo resto do alumnado.

-Favorecer a súa participación nas tarefas que poida realizar e a súa colaboración nas restantes tarefas.

Se por prescripción facultativa o alumno/a non pode realizar temporalmente ningún tipo de actividade física, intentarase que colabore en tarefas de organización da clase: colocación e recollida do material, axuda nas execucións dos compañeiros...

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura	X	X				X		
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X				X		X
ET.3 - A comunicación audiovisual								
ET.4 - Educación viaria								
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O fomento do emprendemento								X
ET.8 - O fomento do espírito científico								
ET.9 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a paz, prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A comprensión de lectura	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	
ET.3 - A comunicación audiovisual	X
ET.4 - Educación viaria	X
ET.5 - A competencia dixital	X
ET.6 - O fomento da creatividade	X
ET.7 - O fomento do emprendemento	X
ET.8 - O fomento do espírito científico	X
ET.9 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.10 - Educación para a paz, prevención e resolución pacífica de conflitos	X
ET.11 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X
ET.12 - Educación para a saúde	X
ET.13 - Educación ambiental	X
ET.14 - Educación emocional e en valores	X

Observacións:

Mediante o traballo dos elementos transversais dende a área de Educación Física pretendemos afianzar o desenvolvemento persoal e o benestar do alumnado, así e como, desenvolver as súas habilidades sociais, a súa creatividade e a afectividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xogos do recreo	Xogos motrices que se propoñen na hora do recreo nos que o alumnado pode participar se o desexa. Estes xogos buscan a fomentar a actividade física no tempo do lecer e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.	X	X	X
Xogos Magosto	Xogos populares e tradicionais que se organizarán no centro o día de celebración do Magosto.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Carreira solidaria	Carreira solidaria que organiza o centro a favor de Cáritas Vilaxoán, realízase nas inmediacións do colexio.			X
Xogos de fin de curso	Xogos alternativos que se organizarán no centro como despedida do curso.			X

Observacións:

Estamos abertos ás propostas relacionadas coa actividade física e deportiva que cheguen ao centro tanto dende o Concello de Vilagarcía coma dende clubs deportivos ou doutras entidades (Festa do deporte, charlas, sesións didácticas...).

No caso de que cheguen propostas dirixidas ao alumnado de cuarto de primaria, estas serán valoradas pola profesora de Educación Física conxuntamente co equipo directivo e o profesorado que imparte clase nestes grupos para decidir a participación na actividade.

Así mesmo, non descartamos a participación do alumnado de quinto noutras actividades físico deportivas que poidan xurdir como consecuencia do traballo diario realizado nas aulas, dos proxectos de investigación levados a cabo ou que poidan ser propostas polos distintos equipos do centro (Actividades Complementarias, Biblioteca, EDLG, TICS...).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Realicei as adaptacións necesarias nas unidades didácticas e na programación segundo os datos recollidos na avaliación inicial e a información aportada na valoración da programación e da práctica docente realizada polo alumnado
- Levei a cabo as actividades e tarefas previstas para o traballo dos contidos de cada unidade didáctica.
- Mantiven a secuencialización e temporalización das unidades didácticas.
- Tiven en conta os coñecementos previos do alumnado e o seu nivel motriz.
- Empreguei os instrumentos e criterios de avaliación programados.
- Apliquei os procedementos de avaliación seguindo as pautas establecidas na programación.

Metodoloxía empregada
- Utilicei a metodoloxía didáctica recollida na programación.
- Empreguei materias e recursos motivadores para o alumnado.
- Adaptei o nivel de dificultade motriz e a duración das actividades as características do alumnado.
- Expliquei as tarefas motrices, os xogos e as actividades de maneira clara e sinxela.
- Corrixín as execucións motrices do alumnado e as condutas inapropiadas, indicando a forma axeitada de realizalas ou de actuar.
- Expliquei ao comezo de cada sesión os contidos que ían traballar e ao comezo de cada unidade a temática da mesma e como serían cualificados nela.
- Utilicei os agrupamentos máis axeitados ás tarefas a realizar e ao obxectivo a lograr coas mesmas.
Medidas de atención á diversidade
- Tiven en conta as características específicas do alumnado do grupo ao hora de aplicar as medidas de atención á diversidade.
- Propúxenlle ao alumnado actividades de recuperación e de reforzo co fin de acadar os mínimos esixibles e actividades de ampliación.
Clima de traballo na aula
- Respondín as dúbidas formuladas polo alumnado.
- Atendín ás suxestións realizadas polo alumnado.
- Reforcei positivamente os logros do alumnado.
- Informei ao alumnado dos seus resultados nas probas realizadas, nos seus traballos e da súas cualificacións nas avaliacións.
- Fomentei o respecto e a colaboración entre o alumnado.
- Establecín relacións correctas e fluídas co alumnado sen realizar discriminacións.

Descrición:

A profesora reflexionará sobre o proceso de ensino e a práctica docente para dar resposta aos indicadores de logro formulados.

As respostas a estes indicadores de logro serán sempre, as veces, habitualmente, poucas veces e nunca.

O alumnado tamén aportará información sobre o proceso de ensino e a práctica docente mediante os comentarios que realice libremente nas sesións de traballo e coa posta en común que se levará a cabo a finalizar cada unidade didáctica.

Dita información aportada polo alumnado será analizada e tida en conta á hora de responder aos indicadores de logro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

profesora levará un seguimento das sesións de cada unidade didáctica recollendo na propia programación de aula:

-A data da súa realización.

- A información facilitada polo alumnado sobre a sesión de traballo.

- De ser o caso as modificacións realizadas nas tarefas ou xogos programados.

- De ser o caso a indicación de aquelas tarefas, actividades ou xogos que non foron realizadas por falta de tempo na sesión.

O seguimento da programación levarase a cabo mediante a aplicación Proens na que se recollerá ao finalizar cada unidade didáctica a información relativa a:

- A data de inicio e fin de impartición da unidade didáctica.
 - O número de sesión realizadas.
 - O grado de cumprimento
 - As propostas de mellora da unidade.
 - De ser o caso, os axustes realizados na unidade didáctica e/ou nos instrumentos de avaliación e as súas causas.
 - De ser o caso, a motivo/s polo que non foi impartida unha unidade ou parte da mesma (Imposición programática inaxeitada á idade, exceso de materia programada, apatía do alumnado, alteración frecuente do clima de clase, rateo alta, deficiente preparación previa do alumnado, falta de tempo, outras.)
- Coa finalidade de poder establecer propostas de mellora da programación cara ao seguinte curso, valorarase se:
- As unidades didácticas que conforman a programación seguen unha secuencialización e unha temporalización coherente.
 - Os instrumentos empregados na avaliación inicial permitiron coñecer o nivel motriz do alumnado e aportaron información relevante para a adecuación das unidades didácticas ás características do alumnado.
 - Os criterios de cualificación foron os máis axeitados.
 - Os instrumentos de avaliación e os criterios de corrección establecidos foron axeitados para comprobar o grado de consecución dos aprendizaxes por parte do alumnado.
 - Os procedementos de avaliación estaban adaptados ás características do alumnado.
 - Os distintos tipos de tarefas realizadas permitiron traballar todos os contidos do currículo e os elementos transversais.
 - Os distintos tipos de tarefas realizadas adecuáronse ao nivel de desenvolvemento motriz do alumnado e aos seus coñecementos previos.
 - Os recursos materiais e espaciais seleccionados permitiron levar a cabo as actividades de ensinanza aprendizaxe incluídas dentro das sesións que conforman as unidades didácticas.
 - A metodoloxía empregada foi axeitada para a realización das tarefas e actividades programadas nas unidades didácticas.
 - As medidas de atención á diversidade establecidas deron resposta a todas as necesidades do alumnado.
 - As actividades complementarias recollidas na programación foron realizadas, e de ser o caso indicar as causas de que non foran realizadas.

9. Outros apartados